



**BASES PARA A SELECCIÓN DOS TRABALLADORES PARTICIPANTES NO  
OBRADOIRO DE EMPREGO “COBAS XUVENIL”- CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**

**Primeira.- Obxecto.**

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 10 da orde do 29 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, o establecemento do sistema, procedemento e baremos que se aplicarán na selección dos desempregados como alumnos-traballadores participantes no obradoiro de emprego “**Cobas Xuvenil**”, promovido polo **Concello de Monforte de Lemos** e subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

**Segunda.- Relación xurídica dos traballadores participantes coa entidade promotora do obradoiro de emprego.**

Durante a duración do obradoiro de emprego os alumnos-traballadores participantes estarán vinculados á entidade promotora mediante a modalidade de contrato para a formación e o aprendizaxe. Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de seis meses e a xornada **completa**.

**Terceira.- Beneficiarios.**

Poderán ser persoas beneficiarias participantes deste programa aquelas mozas e mozos desempregados, de dezaioito ou máis anos e menores de trinta, que estean inscritos no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, sen que se requira a súa inscrición como demandantes de emprego, de conformidade co disposto no artigo 90.1.a) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

**Cuarta.- Requisitos dos aspirantes.**

Os participantes no proceso selectivo, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, deberán manter o cumprimento dos seguintes requisitos, con carácter previo, a participar nos obradoiros de emprego:

- Non ter traballado nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.
- No ter recibido accións educativas que sumen máis de corenta horas mensuais nos noventa días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.
- Non ter recibido accións formativas que sumen máis de corenta horas mensuais nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

No suposto de que o interesado en inscribirse tivese finalizado a súa participación no sistema educativo, considerarase que o requisito da letra b) queda suxeito a non ter recibido accións educativas que sumen máis de corenta horas mensuais nos trinta días naturais anteriores.

d) Para poder participar neste programa é imprescindible cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e a aprendizaxe, co obxecto de estar vinculada mediante un contrato de tales características ao proxecto, durante toda a duración do proxecto, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional décimo novena do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, na redacción dada pola Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, e pola Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento a competitividade e a eficiencia.